

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 27 DE MAIO DE 2021 POLA QUE SE PROCEDE A AMPLIACIÓN DO PRAZO DE SOLICITUDES DAS AXUDAS PARA A DIFUSIÓN DOS RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN DO ALUMNADO DE DOUTORAMENTO EN PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL, NO CURSO ACADÉMICO 2020/2021**

De conformidade co establecido no artigo 32 da *Ley 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común* e á vista do insuficiente número de solicitudes presentadas ás “axudas para a difusión dos resultados de investigación do alumnado do Programa de doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural, convocados por Resolución Reitoral de 3 de maio de 2021,

esta Reitoría RESOLVE:

1. **Ampliar o prazo de presentación de solicitudes** das axudas para a difusión dos resultados de investigación do alumnado do Programa de doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural convocados por Resolución Reitoral de 3 de maio, **ata o 14 de xuño de 2021**.
2. Publicar esta Resolución no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares e no Portal de bolsas da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Vigo na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria

Natalia Caparrini Marín

